Viburnum tinus L., 1753

- lourentino, viburno lourentino, follado
- durillo, duraznillo, tino
- marfulla, marrubi
- llorer bord, marfull, lloreret, mollfull
- laurustinus
- durilho



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Dipsacales**	**Viburnaceae**	***Viburnum***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto de 2-5 m, erecto. Talos ramificados desde a base, pólas rectas, codia marrón. Provistos de poucas lenticelas verticais, engurradas, glabras ou debilmente pilosas. Follas opostas ou en verticilos de 3, persistentes, coriáceas, cunha lámina elíptica ou ovada, enteira e plana. Inflorescencias umbeliformes con numerosas flores compostas por corimbos de 2-3 ordes. Flores actinomorfas e máis ou menos iguais, subsésiles ou sobre pedicelos de 2,6-3,8 mm, inodoras, todas fértiles. Cáliz 3,6-4,5 mm, con lóbulos triangulares, agudos ou obtusos, glabrescentes ou con pelos estrelados. Corola 3,5-5,6 mm, branca, ás veces rosada ao principio. Estames con filamentos lisos, glabros. Anteras máis ou menos esféricas ou ovoides, amarelas. Froito en drupa ovoide, azul metálico e con pelos estrelados ao principio; denegridos e glabros na madurez. Florece de marzo a abril.

HÁBITAT

Formacións forestais e preforestais de aciñeiras, sobreiras e caxigos, con preferencia por barrancos húmidos e abrigados. Indiferentes ao solo. Dende o nivel do mar ata os 900 m (excepcionalmente chega ata os 1700 m).

DISTRIBUCIÓN

Atópase no Mediterráneo, sur de Europa, Asia e África. Zonas mediterráneas da Península Ibérica, especialmente na metade sur e no leste de España, esporádica no norte e nas Illas Baleares.

CURIOSIDADES

Os principios activos son a viburnina e mais os taninos. Os taninos poden provocar molestias estomacais.